



CONVOCATORIA AXUDA ADQUISICIÓN E FONDO LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

Prazo de entrega de solicitudes: do 22 de maio ao 22 de xuño de 2018 (en horario de secretaría)

ORDE do 9 de maio de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en Ed. Primaria, ESO e Ed. Especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2018/2019.

- Fondo solidario de libros de texto: alumnado matriculado en 3º e 4º EP.
- Axudas para adquirir libros de texto: alumnado matriculado en 1º e 2º EP.
- Axudas para adquirir material escolar: alumnado matriculado en toda a EP.
- Está excluído do ámbito da aplicación desta orde (soamente poden pedir axudas para material) o alumnado incluído no Proxecto Educación Dixital (5º e 6º de Primaria).

Para a solicitude destas axudas, as familias deberán reunir os seguintes requisitos:

	RENTA PER CÁPITA FAMILIAR		
	Igual ou inferior a 5.400	Entre 5.400 e 9000 euros	Igual ou inferior a 5.400
CURSO	LIBROS DE TEXTO		MATERIAL
1º E 2º E.PRIMARIA	170 euros	90 euros	50 euros
3º E 4º E.PRIMARIA	Fondo: 6 libros	Fondo: 4 libros	50 euros
5º E 6º E.PRIMARIA	Excluídos polo proxecto Edixgal		50 euros

Para os efectos do cálculo da renda sumaranse os recadros **392** e **405** da declaración da renda de **2016** e dividiranse entre o número de membros da unidade familiar computables (computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%). No caso de non presentar declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Presentación de solicitudes:

- No centro docente. **SOLICITUDE ÚNICA POR FAMILIA CON ALUMNOS/AS NO MESMO CENTRO**
- Por vía electrónica nos formularios dispoñibles na aplicación informática "Fondolibros" (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> **NESTE CASO PRESENTARASE UNHA SOLICITUDE POR CADA NENO/A**

Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

****O alumnado de 6º de Primaria entregará as solicitudes no Instituto onde estea admitido para o curso 2018-2019.**

As persoas que desexen solicitar esta axuda deberán presentar a seguinte documentación:

- **Solicitude: MODELO ED330B (ANEXO I)** Pedir no centro ou descargar en <https://www.edu.xunta.gal>
- **ANEXO II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- **Copia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.**
- Certificado do grao de discapacidade do alumno/a ou calquera membro da unidade familiar.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero.
- Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais no caso de que o pai/nai ou titor/a carezan de DNI e NIE.

****Cando non autoricen as consultas telemáticas:** Copia do DNI - Copia da declaración do IRPF - Certificado do grao de discapacidade e/ou percepción de pensión por incapacidade.

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS DO CURSO QUE REMATA: o 15 de xuño

ENTREGA DOS LIBROS PARA O CURSO 2018-2019: o 25 e 26 de xuño

ENTREGA DOS VALES DE AXUDA PARA MATERIAL: o 25 e 26 de xuño